

O MIÑATO COMÚN

MARÍA DEL CARMEN ALDIR DOVAL



O nome científico do miñado común é *Buteo buteo* e é unha das especies de aves rapaces máis comúns e abundantes no Suído. Son máis pequenos que as aguias reais, pero son depredadores diúrnos igual de formidables. A variabilidade morfolóxica no colorido da plumaxe levou ao recoñecemento de varias subespecies, das cales *Buteo buteo* atópase no concello da Lama.

CLASIFICACIÓN TAXONÓMICA

O miñado común pertence á orde **Accipitriformes**, formado por aves rapaces diúrnas caracterizadas por ser depredadoras, ter un peteiro robusto e curvado, con garras vigorosas e adaptadas á captura de presas. Está clasificado na familia *Accipitridae*, a cal conta cunhas 240 especies de aves coas ás redondeadas, patas e cola relativamente longas e o pico adaptado para desgarrar.

Accipiter vén do latín *accipitrís* que significa 'falcón', 'azor' e 'paxaro de presa' e fórmase das raíces acu-, 'afiado', 'agudo', 'veloz', e pet-, pit- 'caer', 'voar', é dicir, voar en picada ou descendendo, que é a maneira na que os accipítridos atrapan as súas presas. O nome do xénero e da especie é *Buteo* que vén do latín que significa "ratoeiro".

DESCRICIÓN

É un busardo de tamaño mediano cunha lonxitude total de 46 a 58 cm, de aspecto compacto, complexión robusta e coloración moi variable. A cola mide de 19,4 a 22,3 cm nos machos e de 19,3 a 23,6 cm nas femias e presenta unha envergadura entre 110 e 132 cm. O peso dos machos varía entre 0,43 e 1,18 kg e nas femias entre 0,49 e 1,36 kg.

Ten un peteiro fino, cabeza pequena e ás relativamente longas, cola curta e tarsos curtos, en gran medida espidos.

A plumaxe presenta numerosas variacións individuais, polo que se poden observar desde individuos moi claros ata exemplares bastante escuros. Con todo, a coloración máis típica do adulto é un ton marrón bastante homoxéneo nas rexións dorsais e lixeiramente máis clara nas ventrais, onde aparece unha franxa pectoral esbrancuxada de desigual extensión. En voo, pódense ver unhas amplas manchas relativamente claras que coinciden coas rémixes primarias e secundarias na súa cara ventral. As ás mostran o bordo posterior percorrido por unha banda escura, do mesmo xeito que a cola, que pode aparecer variablemente barrada.

O busardo novo presenta as partes inferiores en tons desiguais de marróns e as cobertoiras dorsais con bordos pálidos; as marcas na parte inferior do corpo son lisas en lugar de formar barras. A cola está finamente barrada, pero carece da ancha banda terminal propia dos adultos. Os ollos son máis claros que nos adultos, nos que son marrón escuro.

IDENTIFICACIÓN

En voo exhibe unhas ás relativamente curtas e moi anchas e unha cola non demasiado longa, que frecuentemente desprega en abano, polo que pode manter un voo sostido durante un longo intre alternando con cernidos ocasionais. Dá aleteos rápidos e ríxidos planeados coas ás lixeiramente levantadas e remonta coas ás abertas en V.



[Buteo buteo, ilustración de los hermanos Von Wirght. 1929] F01



F02 [Miñato común]

Trátase dunha rapaz moi visible xa que a miúdo se pousa no alto de árbores, ramas espidas, postes ou rochas e é posible vela pousada no chan en busca de alimento, especialmente nos campos labrados.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

Distribúese en toda Europa e en Asia, ao longo da franxa tépeda ata Mongolia e no Medio Oriente, en India e na África oriental ata Suráfrica. En España aniña repartido por toda a Península e é máis abundante na metade norte de maior influencia eurosiberiana.

HÁBITAT

Está presente desde o nivel do mar ata os 2.000 msnm, aínda que cría máis frecuentemente por baixo de 1.000 msnm. Presente nunha gran variedade de hábitats arborizados (bosque de coníferas, decíduos ou mixtos), parece preferir formacións pouco densas, lindeiros forestais, pequenos bosques ou vexetación de refuxio con herbais, terras agrícolas e matogueira; tamén é frecuente en zonas rochosas.

No inverno pode ocupar terreos abertos sen practicamente árbores ou moi dispersas, e onde exista unha maior dispoñibilidade trófica.

Na serra do Suído distribúese na zona de matogueira de ladeiras e penichairas, estas zonas inclúen as breixeiros higrófilas e secas, os prados pobres de sega, as formacións higróturbosas e os rochedos e afloramentos graníticos.


ABUNDANCIA

Trátase dunha das rapaces máis abundantes e cun rango de distribución máis amplo en Europa. A poboación europea estímase en 710.000 a 1.200.000 parellas reprodutoras. En España, calcúlanse de 13.000 a 18.000 parellas peninsulares; un dos núcleos de poboación máis abundante sitúase en Galicia con 3.000 a 4.000 parellas.

Na Serra do Suído é unha das especies rapaces diúrnas observada con máis frecuencia, con todo non se ten unha estimación poboacional.

VOZ

As poboacións residentes emiten chamadas durante todo o ano, as cales aumentan ao comezo e durante a época de cría. Os migradores son silenciosos. O son principal utilízase como contacto entre os membros da parella e nas exhibicións aéreas, e soa como lastimeiro e de longo alcance. Cando este son é penetrante e resoante utilízase como agresión e cando a ave expulsa un intruso é máis prolongada e vacilante. Os pitos algo crecidos e os mozos xa con plumas piden comida cun son máis rouco e prolongado que se transforma nun chíio cando se achega a adulto.



MOVEMENTOS

A poboación ibérica é fundamentalmente sedentaria, aínda que algúns individuos poden realizar grandes desprazamentos, especialmente os inmaturos. Durante as migracións poden formarse pequenos grupos ou mesmo grandes bandos de centenas de individuos.

En Galicia, en especial en áreas montañosas, é onde se reportan as maiores densidades invernais.

ALIMENTACIÓN

O miñato común presenta unha predilección polos recursos tróficos máis abundantes e máis rendibles enerxeticamente. Dieta moi ampla, baseada en micromamíferos, principalmente pequenos roedores, pero tamén inclúe aves, réptiles, anfibios, insectos e miñocas. As miñocas son capturadas a pé formándose en ocasións concentracións de 15 a 30 individuos.

Ocasionalmente preeira, ás veces rouba presas a outras rapaces e, ás veces acode aos lumes de matogueira e herbais para capturar presas que foxen do lume.

No norte de España, os réptiles constitúen unha parte importante da dieta. Os anfibios e paxaros son moito menos frecuentes e os invertebrados, especialmente os ortópteros (grilos e saltóns) e coleópteros (escaravellos), documentáronse como presas moi frecuentes, ás veces máis do 50%.

Na Península Ibérica presenta unha dieta variada estacionalmente, xa que é unha especie que aproveita calquera recurso dispoñible, o que sen dúbida favorece o seu éxito. En estudos no norte de España, a especie mostrou unha dieta moi diversa e pouco especializada. Durante a primavera e verán, as presas máis frecuentes parecen ser os invertebrados, en especial ortópteros, mentres que no inverno a proporción de pequenos mamíferos é maior que o resto do ano.

CAZA

A miúdo caza planando ou remontando ao azar sobre terreos abertos, lindeiros e claros forestais, pero a maioría das presas de vertebrados localízaas pousado á espreita.

As estratexias de caza durante a procura de alimento son variadas, aínda que poden resumirse en dúas estratexias. A primeira é a “caza activa” das presas mediante planamento a baixa ou media altura sobre terreos despexados ou con vexetación pouco densa. Ás veces, o miñato detense bruscamente sobre calquera punto do terreo e plana durante algúns segundos para inspeccionar o chan.

A segunda estratexia é a “caza pasiva”, consiste en elixir un bo pousadoiro, dotado dun amplo campo de visión e nas proximidades de terreo aberto, e permanecer nel á espera das posibles presas que poidan aparecer ao seu alcance. Os postes de telégrafo, os altos chopos desprovistos de follas durante o inverno ou algunha rocha prominente na parte superior da ladeira, poden ser bos lugares para practicar a caza á espreita.



[Miñato común en voo] F04

REPRODUCCIÓN

Alcanzan a madurez sexual cun ano de idade, aínda que non todas as aves se reproducen, xa sexa por falta de parella ou de terreo onde establecerse.

Antes de finalizar o inverno, os miñatos comezan a mostrar as primeiras actividades de celo. Empezan as persecucións entre os dous membros da parella e obsérvanse con frecuencia violentos picados no ceo do bosque.

O período reprodutivo varía desde marzo a xullo. Iníciase con voos continuados da parella sobre o territorio de cría para, posteriormente, construír un niño ou reparar algunha das plataformas que existen no terreo. O niño é construído por ambos os compoñentes da parella e está feito con paus e poliñas e tapizado con follas verdes e recibe o complemento final con musgos, cortizas e plumón. É voluminoso, de ata 1 m de ancho e 60 cm de profundidade, que en anos sucesivos pode alcanzar 1,5 m de diámetro. Xeralmente situado en árbores maduras a unha altura entre 3 e 25 m en coníferas ou latifolias (carballo e castiñeiro). Cada parella adoita ter varios niños que intercambia en sucesivas primaveras, nunca adoita usar os niños doutras rapaces.

As postas teñen lugar en abril ou comezos de maio e constan de 2 a 4 ovos, en ocasións 5, de cor branca con manchas avermelladas ou marróns, en cuxa incubación se involucran ambos os membros da parella durante 33 a 38 días, dependendo en moitos casos das condicións climatolóxicas. Do mesmo xeito que noutras rapaces, as crías nacen de maneira asincrónica, dependendo da orde no que cada ovo foi posto.

Os poliños son atendidos polos dous proxenitores, aínda que a femia adoita permanecer máis tempo no niño, mentres o seu compañeiro achega as presas necesarias para a alimentación. Cando os pitos son capaces de partir o alimento, a femia abandona o niño para cazar e cooperar co macho na achega de presas ao niño. Durante esta fase os pais transportan as presas ao niño e déixanas alí sen distribuílas entre os pitos. Debido ao nacemento graduado destes, o seu grao de desenvolvemento é diferente e ás veces prodúcense situacións conflituais nas que o pito de maior tamaño fai a repartición das presas entre os irmáns.

As aves completan o desenvolvemento da plumaxe entre os 50 a 55 días e empezan a realizar os primeiros voos, aínda que permanecerán entre seis e oito semanas máis no territorio paterno, posteriormente inician a dispersión.

MUDA

Os adultos mudan por completo durante o período post-reprodutor, de marzo a decembro. Nos xuvenís de primeiro ano as plumas do corpo comezan a mudar de novembro a decembro.

MEDIA DE VIDA

A máxima idade rexistrada para a especie é de 25 anos.

COMPORTAMENTO SOCIAL

Na súa área de distribución xeralmente é solitario ou en parellas, case sempre caza só.

Os individuos das poboacións sedentarias dormen normalmente só ou como máximo en parellas ou grupos familiares, aínda que en Europa continental se observaron dormitorios de ata 65 individuos.

O voo en círculos é común durante todo o ano entre as parellas residentes, especialmente por parte dos machos. Cando un intruso invade un territorio de cría desencadéanse picados ou persecucións. Antes e durante a época de cría, a parella executa altos círculos mutuos que ás veces se prolongan durante longos períodos, normalmente o macho máis arriba e a femia seguindo a este.

É habitual que un dos sexos persiga o outro a unha distancia de 10 a 50 m nun voo horizontal copiando algún dos seus movementos. Tamén é posible que dúas ou tres parellas voen en círculos na zona de contacto dos seus territorios. Na primavera e outono ocasionalmente realizan a danza aérea, con moitos reclamos e do tipo montaña rusa. Outras exhibicións aéreas son un voo baixo serpenteando entre as árbores.

AMEAZAS

Hai algúns anos, esta especie viuse moi afectada pola persecución directa de cazadores, xa que se consideraba que a súa alimentación era prexudicial para os intereses cinexéticos. A pesar de que esta ameaza diminuíu, porque se comprobou que non lles afectan ás poboacións de especies de caza menor, seguen sendo moitos os exemplares abatidos de forma ilegal.

As principais causas de mortalidade reportadas para o miñato común son os praguicidas, os choques ou electrocucións con tendidos eléctricos, o espolio de niños, as perturbacións humanas durante a nidificación e as alteracións e destrucións do habitat, como son talas e incendios.

O seu hábito de preeiro facultativo faino particularmente sensible ao veneno e aos atropelos ao alimentarse con refugallo de animais en estradas.

En Galicia atopouse chumbo no tecido hepático de miñatos nunha concentración superior a 18 ppm, o que constitúe unha seria ameaza ambiental para a supervivencia das súas poboacións. Tamén se detectou a presenza de compostos organoclorados como PCBs, en maior cantidade nas femias que nos machos, así como nos ovos.

MEDIDAS DE CONSERVACIÓN

Entre as medidas de conservación propostas, está o control rigoroso da caza ilegal, o espolio de niños e a adecuación de tendidos eléctricos, con especial incidencia nos postes de baixa tensión, dado o costume da ave de utilizalos como pousadoiros. O manexo silvícola debe ser acorde coas necesidades do hábitat, considerando tamén as destas aves, especialmente en época de cría. As campañas educativas de sensibilización na protección de rapaces son beneficiosas para a conservación da especie.

O miñato común inclúese na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial.



F05 [Exemplar de miñado adulto coa seu cría]

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ-LAÓ, C.M., *et al.* (1996). Datos sobre la dieta de aves de presa en Asturias. *El Draque*. 1:39-43.

ARAÚJO, J. (1974). Falconiformes del Guadarrama suroccidental. *Ardeola*. 19 (2):257-278.

BALBÁS, R. (2003). Busardo ratonero, *Buteo buteo*. Pp. 184-185. En R. Martí, J.C. del Moral (Eds.). *Atlas de las Aves Reproductoras de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Sociedad Española de Ornitología, Madrid.

BAQUEDANO, R. e PERIS, S.J. (2003). Accidentalidad invernal del Busardo Ratonero (*B. buteo*) en tendidos eléctricos en la Península Ibérica. *Munibe. Ciencias Naturales - Natur Zientziak*. 54:113-119.

BARCIELA, G. S. e MUNILLA, R. I. (2012). *Inventario de hábitats y especies de interés comunitario en el espacio natural Sierra de O Suido-Alto Tea*. Ed. Universidade de Santiago de Compostela e Concello de Covelo. P.120.

BUSTAMANTE, J. (1985). Alimentación del Ratonero Común (*Buteo buteo*, L. 1758) en el norte de España. *Doñana Acta Vertebrata*. 12: 51-62.

CRAMP, S. e SIMMONS, K.E.L. (1980). *Handbook of the Birds of Europe the Middle East and North Africa. The Birds of the Western Palearctic*. Volume II. Hawks to Bustards. Oxford University Press, Oxford.

DE JUANA A., E., DE JUANA, F. e CALVO, S. (1988). La invernada de las aves de presa (O. Falconiformes) en la Península Ibérica. *Sociedad Española de Ornitología*. 1:97-122.

DEL HOYO, J., ELLIOT, A. e SARGATAL, J. (Eds.) (1994). *Handbook of the Birds of the World*. Vol. 2. *New World Vultures to Guinea-fowl*. Lynx Edicions, Barcelona.

DÍAZ, M., ASENSIO, B. e TELLERÍA, J. L. (1996). *Aves Ibéricas I. No Paseriformes*. Reyero, Madrid.

DOMÍNGUEZ, J. (Eds.). *Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

ELÓSEGUI, J. (1974). Informe preliminar sobre alimentación de aves rapaces en Navarra y provincias limítrofes. *Ardeola*. 19 (2):249-256.

FERGUSON-LEES, J. e CHRISTIE, D. A. (2001). *Rapaces del Mundo*. Ediciones Omega, Barcelona.

GAFFIOT, F. (2016). *Gran dictionnaire latin - français: Le grand gaffiot*. Ed. Hachette. Francia. P. 820.

GUZMÁN, J. e CASTAÑO, J. P. (1998). Electrocutación de rapaces en líneas eléctricas de distribución en Sierra Morena Oriental y Campo de Montiel. *Ardeola*. 45:151-160.

HAGEMEIJER, E. J. M. e BLAIR, M. J. (Eds.). (1997). *The EBCC Atlas of European Breeding Birds: Their Distribution and Abundance*. Poyser, London.

MAÑOSA, S. e CORDERO, P. J. (1992). Seasonal and sexual variation in the diet of the Common Buzzard in northeastern Spain. *Journal Raptor Research*. 26:235-238.

MAÑOSA, S. *et al.* (2003). Persistent organochlorine contaminants in eggs of northern goshawk and Eurasian buzzard from northeastern Spain: temporal trends related to changes in the diet. *Environmental Pollution*. 122:351-359.

PARRY-JONES, J., NICHOLLS, M. e FARMER, G. C. (2007). Public Education. Pp. 423-435. En: Bird, D., Bildstein, K. (Eds.). *Raptor Research and Management Techniques Manual*. Raptor Research Foundation, Hancock House Publishers.

PÉREZ-LÓPEZ, M. *et al.* (2008). Heavy metal (Cd, Pb, Zn) and metalloid (As) content in raptor species from Galicia (NW Spain). *Ecotoxicology and Environmental Safety*. 70:154-162.

SANTAMARINA F. J. (1991). *Algunos datos sobre la densidad y alimentación de las aves rapaces del valle del río Ulla* (Pontevedra - Coruña). Pp. 79-82. En: Fernández-Cordeiro, A.,

SEO/BirdLife. (2008). *La enciclopedia de las aves en España*. Ed. Fundación BBVA. Bilbao, España. P 48. Recuperado de: <http://www.seo.org/>

TAPIA, L. (2010). Busardo ratonero – *Buteo buteo*. En: *Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles*. Salvador, A., Bautista, L. M. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. Recuperado de <http://www.vertebradosibericos.org/>

Tapia, L., Domínguez, J., Romeu, M. (2007). Diet of Common Buzzard (*Buteo buteo*) in Northwestern Spain as assessed by direct observation from blinds. *Nova Acta Científica Compostelana* (Biología). 16:145-149.

Tapia, L., Domínguez, J., Rodríguez, J. (2008). Hunting habitat preferences of raptors in a mountainous area (Northwestern Spain). *Polish Journal of Ecology*. 56:323-333.

VAN DROOGE, B. *et al.* (2008). Organochlorine residue levels in livers of birds of prey from Spain: Inter-species comparison in relation with diet and migratory patterns. *Environmental Pollution*. 153:84-91.

ZUBEROGOITIA, I., *et al.* (2006). Influence of management practices on nest site habitat selection, breeding and diet of the Common buzzard *Buteo buteo*. *Ardeola*. 53 (1):83-98.

FIGURAS

Portada. Martha de Jong-Lantink. Common Buzzard - Buizerd (*Buteo buteo*)
Fotografía. www.flickr.com. [Consultado: <xullo 2020>].

F01. The von Wright brothers. Common Buzzard (BUTEO BUTEO). Digitally enhanced from our own 1929 folio version of Svenska Fåglar Efter Naturen Och Pa Sten Ritade. Ilustración. www.rawpixel.com. [Consultado: <xullo 2020>].

F02. Jan. Hunting Common Buzzard (*Buteo buteo*) in the snow winter with dark forrest blurred background. Fotografía. www.stock.adobe.com. [Consultado: <xullo 2020>].

F03. Jos Zwarts. *Buteo buteo*. Ilustración. www.commonswikimedia.org. [Consultado: <xullo 2020>].

F04. Ondrejprosicky. Autumn wildlife, bird of prey Common Buzzard, *Buteo buteo*, flight on coniferous spruce tree branch. Fotografía. www.stock.adobe.com. [Consultado: <xullo 2020>].

F05. WildMedia. Family of common buzzard, *buteo buteo*, with adult and little chicks sitting on nest in treetop. Fotografía. www.stock.adobe.com. [Consultado: <xullo 2020>].

EDICIÓN LINGÜÍSTICA

María Dolores Ferro Diz